

ACTA DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO DE MICRORRELATOS *AMOR, OU NON, EN 100 PALABRAS*

O xoves 11 de febreiro, no IES Xosé Neira Vilas, reuniuse a comisión seleccionadora da obra gañadora do Concurso de Microrrelatos *Amor, ou non, en 100 palabras*, celebrado no IES Xosé Neira Vilas promovido polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega e mais polo Club de Lectura.

O xurado estivo composto por:

- un representante do EDLG: Antonio Rodríguez Amedo
- unha representante do Club de Lectura: Isabel López Mariño
- unha representante do persoal non docente: María

Actuou como secretaria, con voz pero sen voto, Fátima Ruibal, profesora de Lingua e literatura galegas.

Logo da lectura detida dos microrrelatos, e pola diversidade artística dos textos presentados, a comisión acordou nomear unha obra gañadora, pero decidiu facer tamén unha mención especial de tres microrrelatos e, así pois, resolveu conceder tres accésits.

Antes de dar a coñecer estes textos, o xurado quere agradecer publicamente a alta participación do alumnado do IES Xosé Neira Vilas nesta primeira edición do Concurso de Microrrelatos *Amor, ou non, en 100 palabras*.

O xurado, entón, quere facer unha mención especial das seguintes obras:

- Pola sorpresa de cada parágrafo, a forza do narrador protagonista no comezo e o tallante final, recibe a mención especial como 3º accésit “Para sempre”, asinado por Hércules, do que é autora Emilia Villar, profesora do Departamento de Matemáticas.
- Por xogar coas palabras e co lector segundo un vai lendo, polo gran e sincero final, outórgaselle o 2º accésit a “Amor sen límites” asinado por Benito Camelas, do que é autor Diego Cabeza Carlés, de 2º ESO B.
- Pola transmisión limpa de sinceridade no terreo do amor, concédeselle o 1º accésit ao texto “Que gran sentimento!”, asinado por A abelaína dourada e da autoría de Yéssica Barreiro García, de 2º ESO A.

E, finalmente, polo seu inmenso título, polo grande amor que transmite, tamén pola gran tristeza, porque case nos fai chorar, coma o verdadeiro amor, o xurado decide, por unanimidade dos seus membros, declarar obra gañadora do concurso:

- “Eternamente”, asinado por DobleDL, do que é autor Daniel Dopazo Lafuente, de 2º de BACHARELATO.

O xurado dálle os parabéns ao alumno gañador, tamén as persoas autoras dos textos que lograron unha mención especial e, por suposto, a todos os participantes.

Oleiros, 11 de febreiro de 2011